

2

Emprego

En termos globais, o ano 2007 pode considerarse como un ano positivo para a economía de Galicia. O seu dinamismo, cun incremento do PIB real do 4%, tradúcese en crecemento de emprego, tanto no indicador da ocupación estimada (medra un 2,5%) coma no número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social (crece un 3,6%). Á vez, constátanse senllas caídas nos índices de desemprego estimado (-8,5%) e rexistrado (-6,7%).

Malia estas cifras medias, no segundo semestre do ano aparecen signos de incerteza que se manifiestan, entre outros aspectos, nunha desaceleración da ocupación e nun menor descenso do desemprego. As inquedanzas reflíctense tamén nun menor ritmo de crecemento das afiliacións á Seguridade Social e no incremento do número de expedientes de regulación de emprego e dos traballadores afectados por eles.

Asemade, no último ano, rexístrase unha ralentización no ritmo de creación de empre-

e tecido empresarial

sas, con consecuencias negativas para o emprego.

A creación de emprego en 2007 presenta algúns aspectos salientables. Por unha banda, ráchase a tendencia dunha maior creación de emprego feminino. Por outra, constátase un maior incremento entre os asalariados, especialmente no sector privado. Destaca tamén o forte crecemento do emprego asalariado indefinido, favorecido tanto pola Lei estatal 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, como polo proceso do diálogo social desenvolvido a nivel estatal e autonómico. Este incremento, unido a un proceso de axuste automático do mercado laboral, traducíuse nunha positiva redución da taxa de temporalidade.

Os datos do desemprego estimado en Galicia en 2007 presentan unha evolución máis favorable que a do conxunto do Estado, con descensos do número de persoas paradas nos catro trimestres do ano. A taxa de paro descende en Galicia ata situarse no 7,6%, máis

de medio punto por baixo da media estatal (8,3%).

O paro rexistrado en Galicia volve descender nas catro provincias galegas e en todos os sectores considerados. A caída deste indicador (-6,7%) é superior á correspondente á media de España (-6,3%). A pesar deste descenso, o seu peso relativo no total estatal segue a ser elevado en comparación coa importancia relativa da actividade económica, a poboación ou o número de persoas afiliadas á Seguridade Social.

No que atinxe á dinámica do tecido empresarial, no último ano constituíronse un total de 6.633 empresas, un 4,9% menos que no ano anterior. A xa sinalada ralentización no ritmo de creación de empresas deixou a taxa de sociedades constituídas por cada dez mil habitantes en 23,8 en Galicia, sete menos que no conxunto do Estado. Á vez, rexistrouse a disolución de 743 firmas, 243 máis que no ano precedente. □

2.1. Emprego

O FORTE DINAMISMO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA, QUE MANTIVO O SEU CRECEMENTO POR RIBA DO 4%, NON se trasladou completamente ao mercado de traballo galego. O número de persoas afiliadas á Seguridade Social experimentou un incremento medio anual do 3,6% (3,5% en 2006) e o das persoas ocupadas segundo as estimacións da Enquisa de Poboación Activa (EPA), do 2,5%. A pesar de que Galicia volve a presentar unha taxa crecemento do seu PIB real dúas décimas por riba do experimentado no conxunto do Estado, rexistra unha medra da poboación ocupada seis décimas inferior a media estatal (3,1%). Por contra, no caso das afiliacións á Seguridade Social, estas medran un 3% de media en España, seis décimas menos que en Galicia.

Xunto aos datos positivos rexistrados no mercado de traballo galego, que presenta unha medra da ocupación e un descenso do desemprego, cómpre salientar a incerteza xerada pola desaceleración do ritmo de creación de emprego e a paulatina redución interanual da caída do desemprego. Con carácter xeral, os datos mensuais (Seguridade Social e paro rexistrado) ou trimestrais (EPA) indican o deterioro das taxas de crecemento interanual no segundo semestre do ano.

No ano 2007 prodúcese un forte aumento do emprego asalariado indefinido, favorecido pola Ley estatal 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento, do emprego e polo proceso do diálogo social (a nivel estatal y autonómico), que se conxuga cun descenso do emprego temporal. Isto se traduce nun descenso de tres puntos e medio da taxa de temporalidade en Galicia. Asemade, cómpre salientar que se rompe a tendencia dunha maior creación de emprego feminino, xa que se en 2006 case o 85% dos novos ocupados eran mulleres, en 2007 esta porcentaxe se sitúa no 42%.

O número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo medrou en Galicia no ano 2007 por riba do rexistrado no ano anterior. O número de accidentes ascendeu en 2007 ata os 51.852 accidentes, situándose o índice de incidencia laboral nos 58 accidentes por cada mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo efectivamente cuberta, catro décimas por riba da media estatal.

Traballadores afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2006-07

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia /España
	(en miles de persoas)						(%)
2005	997,7	411,4	125,7	105,2	355,5	17.835,4	5,59
2006	1.032,5	426,9	129,0	108,1	368,5	18.596,3	5,55
2007	1.070,1	443,3	132,4	111,3	383,2	19.152,3	5,59
xaneiro	1.044,3	432,5	129,7	109,1	372,9	18.757,1	5,57
febreiro	1.050,7	435,3	130,3	109,5	375,6	18.871,6	5,57
marzo	1.057,9	438,4	131,3	110,5	377,8	19.085,1	5,54
abril	1.060,1	439,0	131,6	110,6	379,0	19.109,0	5,55
maio	1.066,8	441,9	131,8	111,2	381,9	19.234,1	5,55
xuño	1.078,6	446,3	133,2	112,1	387,1	19.358,8	5,57
xullo	1.086,6	449,0	134,5	112,4	390,8	19.302,7	5,63
agosto	1.080,8	447,0	133,9	112,1	387,8	19.048,0	5,67
setembro	1.085,9	448,7	133,8	112,9	390,5	19.308,0	5,62
outubro	1.076,8	447,1	132,5	111,5	385,7	19.232,3	5,60
novembro	1.081,2	449,3	133,0	112,1	386,7	19.325,7	5,59
decembro	1.071,9	445,1	132,9	111,7	382,2	19.195,8	5,58

Taxas de variación interanual

	(%)					
2006	3,5	3,8	2,6	2,8	3,7	4,3
xaneiro	3,2	3,3	2,6	2,3	3,7	5,4
febreiro	3,2	3,1	2,6	2,8	3,7	5,5
marzo	3,3	3,5	2,5	2,9	3,5	5,6
abril	3,6	3,7	2,9	3,1	3,8	5,6
maio	3,5	3,7	2,4	2,6	3,8	4,8
xuño	3,0	3,4	2,2	2,2	3,2	3,9
xullo	3,1	3,4	2,6	2,4	3,1	3,4
agosto	3,5	4,0	2,4	2,6	3,5	3,4
setembro	4,2	4,8	3,2	3,4	4,1	4,0
outubro	3,4	4,0	2,3	2,9	3,4	3,1
novembro	3,6	3,8	2,8	2,8	4,0	3,3
decembro	4,1	4,3	3,0	3,3	4,5	3,4
2007	3,6	3,8	2,6	3,0	4,0	3,0
xaneiro	4,1	4,2	2,9	3,5	4,5	3,5
febreiro	4,1	4,2	2,8	3,1	4,6	3,5
marzo	4,5	4,6	3,4	3,9	5,0	3,9
abril	3,8	3,9	2,7	3,2	4,2	3,0
maio	3,9	4,1	2,8	3,6	4,1	3,2
xuño	4,7	4,9	3,8	4,2	4,9	3,8
xullo	3,5	3,8	2,3	2,5	3,9	2,8
agosto	3,0	3,4	2,4	2,2	3,2	2,5
setembro	3,2	3,3	2,1	2,2	3,6	2,6
outubro	3,1	3,4	1,9	2,2	3,4	2,5
novembro	3,1	3,5	1,9	2,5	3,1	2,3
decembro	2,9	3,0	2,0	2,5	3,2	2,3

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

2.1.1.

Dende un punto de vista normativo, o ano 2007 presenta importantes novidades no ámbito do emprego e as relacións laborais. Para o conxunto do Estado cómpre salientar, dunha banda, a aprobación do Estatuto Básico del Empleado Público pola Ley 7/2007, de 12 de abril, que revisa e sistematiza a normativa anterior, tratando de favorecer a modernización da Administración pública, servir con obxectividade os intereses xerais e garantir a calidade na prestación dos servizos públicos. Doutra banda, por primeira vez se regula un estatuto xurídico unitario do traballo autónomo, ordenando os principais elementos os principais elementos configuradores desta forma de emprego e prestación de servizos (Ley 20/2007, de 11 de julio, por la que se regula el Estatuto del Trabajo Autónomo). Asemade, no eido das relacións laborais e do emprego cómpre mencionar as modificacións no Estatuto dos traballadores, en materia de dereitos de información e consulta (Ley 38/2007, de 16 de noviembre), a regulación das empresas de inserción pola Ley 44/2007, de 13 de diciembre, ou a Ley Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres.

Na comunidade autónoma de Galicia destaca a aprobación da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, que ten por obxecto a integración da dimensión da igualdade de oportunidades nas competencias autonómicas sobre o emprego e relacións laborais, da Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e da Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Traballadores en alta laboral 2006-07⁽¹⁾: distribución segundo réximes

	2006				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Minería do Carbón	74	74	-	-	-
Réxime Xeral	744.816	317.419	80.032	75.862	271.503
Réxime Especial Agrario	55.405	19.651	20.638	5.502	9.614
Réxime Especial Empregados Fogar	18.874	7.691	2.592	2.789	5.802
Réxime Especial Autónomo	186.200	75.061	23.561	23.952	63.626
Réxime Especial do Mar	27.163	6.963	2.207	-	17.993
Total	1.032.532	426.859	129.030	108.105	368.538

	2007				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Minería do Carbón	90	90	-	-	-
Réxime Xeral	780.981	332.540	83.636	79.032	285.773
Réxime Especial Agrario	52.941	18.845	19.861	5.146	9.089
Réxime Especial Empregados Fogar	19.431	7.903	2.672	2.832	6.024
Réxime Especial Autónomo	190.493	77.022	23.979	24.297	65.195
Réxime Especial do Mar	26.199	6.890	2.220	-	17.089
Total	1.070.135	443.290	132.368	111.307	383.170

	2007/06				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Réxime Minería do Carbón	21,6	21,6	(%)	0,0	0,0
Réxime Xeral	4,9	4,8	4,5	4,2	5,3
Réxime Especial Agrario	-4,4	-4,1	-3,8	-6,5	-5,5
Réxime Especial Empregados Fogar	3,0	2,8	3,1	1,5	3,8
Réxime Especial Autónomo	2,3	2,6	1,8	1,4	2,5
Réxime Especial do Mar	-3,5	-1,0	0,6	-	-5,0
Total	3,6	3,8	2,6	3,0	4,0

(1) en medias anuais
Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.2.

O CES de Galicia, no seu ditame 11/06, sobre o anteproxecto de Lei galega para a inserción laboral das mulleres, destaca a habilitación de novas medidas coa finalidade de promover a inserción laboral das mulleres e o establecemento das accións de desenvolvemento de plans de igualdade nas empresas.

Datos de emprego da Seguridade Social

A cifra media do número de persoas en alta laboral afiliadas á Seguridade Social en 2007 rexistra un incremento do 3,6% respecto ás afiliacións do ano anterior (a máis elevada dende o ano 1999), situándose nas 1.070.135 persoas afiliadas, 37.603 novas altas en relación aos datos de 2006. A diferenza do acontecido en 2006, Galicia presenta unha medra superior á experimentada no conxunto do Estado, o que permitiu, [cadro 1.6.1., Participación da produción, a poboación e o emprego galego no total español 2001-07], que a importancia relativa destas afiliacións no total estatal freara a súa tendencia descendente, representando no último ano o 5,59% (5,78% no ano 2001).

Este bo comportamento no conxunto do ano ten de ser matizado atendendo á súa evolución mensual, que amosa un deterioro das taxas de crecemento interanuais no segundo semestre do ano (desaceleración moito máis acusada nos primeiros meses do 2008). Dunha banda, se de xaneiro a xullo todos os meses rexistran unha medra das afiliacións superior á rexistrada na mesma data do ano anterior, de agosto a decembro estas taxas de crecemento son xa inferiores. Doutra, fronte aos crecementos superiores ao 4% experimentados no primeiro trimestre de 2007, en decembro deste ano o incremento está por baixo do 3%.

É importante salientar que ao longo de todo o ano 2007, mantense a tendencia iniciada en agosto do ano anterior de taxas de crecemento interanuais superiores ás experimentadas en España.

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

As catro provincias galegas volven a rexistrar un incremento do número de afiliacións. En termos relativos, Ourense e Pontevedra presentan medras superiores ás do 2006, en tanto que A Coruña e Lugo rexistran unha taxa de crecemento similar á do ano anterior. Non obstante, tal e como reflicte o **cadro 2.1.1.**, todas presentan nos últimos meses do ano unha maior dificultade para a xeración do emprego.

Das novas 37.603 afiliacións, 16.431 (o 43,7%) corresponden á provincia de A Coruña; 14.632, a Pontevedra (38,9%); 3.338 afiliacións, a Lugo (8,9%); e 3.202, a Ourense (8,5%). Tras estes incrementos, o número de traballadores afiliados en alta laboral na Seguridade Social en A Coruña acadou as 443.290 persoas, ascendendo ata os 383.170 traballadores en Pontevedra, e aos 132.368 e 111.307 afiliados en Lugo e Ourense, respectivamente.

Setenta e tres de cada cen traballadores afiliados en alta laboral o estaban no réxime xeral e dezaoto de cada cen, no réxime especial de autónomos. En termos absolutos, o número de afiliados no réxime xeral ascendeu a 780.981 persoas, 36.165 afiliados máis que no ano anterior (4,9%), e 190.493 traballadores ao réxime especial de autónomos, 4.293 afiliados máis (2,3%).

O número de persoas en alta laboral afiliadas ao réxime especial agrario (REA) e ao réxime especial do mar (REM) volve a descender no ano 2007. No primeiro caso, esta redución foi do 4,4% (2.464 persoas), e no segundo, do 3,5% (964 afiliados), acadando as 52.941 e 26.199 afiliacións, respectivamente. A importancia relativa das afiliacións no REA no volume total de afiliacións galegas reduciuse ata o 4,9% (cinco décimas menos que en 2006) e a do REM ata o 2,4% (dúas décimas inferior á obtida no ano anterior).

1.1.

Emprego segundo a EPA

1.2.

O mercado de traballo galego volve presentar no conxunto do ano 2007 un incremento das taxas de ocupación e actividade e un descenso da taxa de desemprego. Con todo, estes datos positivos habería que matizalos xa que a taxa de emprego medrou menos que en 2006, situándose, en promedio, no 50,1% para o total da poboación de 16 e máis anos, e a taxa de paro estimada experimentou unha caída inferior á do ano anterior, acadando o 7,6% da poboación activa.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

A diferenza do acontecido en Galicia no ano 2006, onde a evolución do mercado laboral galego viña explicada, en parte, polo comportamento do emprego feminino, 2007 presenta entre as súas características a ruptura da tendencia dunha maior creación de emprego feminino. Boa proba disto é que o 23% do novos activos incorporados ao mercado de traballo galego e o 41,4% da poboación ocupada son mulleres, o que contrasta co estimado en 2006, cando a totalidade de novos activos e o 83,9% dos ocupados eran mulleres. No conxunto do Estado, por contra, prosegue o maior empuxe feminino no emprego.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

En 2007 continúa o problema de que as taxas de ocupación e actividade feminina seguen estando moi por baixo dos correspondentes aos homes, e os de desemprego, moi por riba. No último ano, este diferencial mantense por riba dos dezaoto puntos no caso das taxas de ocupación e de dezasete no da taxa de actividade. Asemade, cómpre salientar a redución do diferencial no que á taxa de paro se refire, situándose aínda 4,5% por riba da media estimada no caso dos homes.

3.4.

3.5.

3.6.

A ocupación media estimada en Galicia medrou ao longo de 2007 un 2,5%, medio punto por baixo da taxa de crecemento experimentada no ano anterior. O número total de persoas ocupadas ascendeu a 1.193.400, das que 678.400 persoas son homes e 515.000, mulleres. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 5,9% da poboación ocupada en España, sendo estas porcentaxes do 5,7% no caso dos homes e do 6,2% no das mulleres.

4.1.

4.2.

Ao igual que aconteceu en 2006, as taxas de variación do emprego reflicten un comportamento relativamente homoxéneo no primeiro, terceiro e cuarto trimestre do ano, sendo o crecemento da ocupación moito máis elevado no segundo trimestre. Os datos de 2007 amosan, **cadro 2.1.6.**, que as taxas de variación interanuais se sitúan lixeiramente

Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2007: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica

Ámbolos dous sexos

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
Galicia	2.375,1	1.292,0	1.193,4	98,6	12,5	1.089,0	54,4	50,2	7,6
A Coruña	977,0	539,5	494,8	44,6	7,6	437,6	55,2	50,6	8,3
Lugo	310,0	147,9	139,3	8,6	1,3	162,1	47,7	44,9	5,8
Ourense	292,2	144,6	136,4	8,2	0,9	147,6	49,5	46,7	5,7
Pontevedra	795,9	460,0	422,9	37,2	2,8	341,7	57,8	53,1	8,1
España	37.662,9	22.189,9	20.356,0	1.833,9	198,1	15.473,0	58,9	54,0	8,3
				(%)					
Galicia / España	6,3	5,8	5,9	5,4	6,3	7,0			
Galicia 07/06	0,1	1,6	2,5	- 8,5	- 3,1	- 1,1			
España 07/06	1,8	2,8	3,1	- 0,2	- 4,1	0,3			

Varóns

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
Galicia	1.136,8	719,5	678,4	41,3	4,9	417,3	63,3	59,7	5,7
A Coruña	460,9	298,0	279,8	18,3	2,8	162,9	64,7	60,7	6,1
Lugo	150,8	83,1	79,3	3,8	0,3	67,7	55,1	52,6	4,6
Ourense	141,5	82,5	79,0	3,5	0,6	59,1	58,3	55,8	4,2
Pontevedra	383,6	256,0	240,3	15,7	1,1	127,6	66,7	62,6	6,1
España	18.480,7	12.802,5	11.987,3	815,2	76,7	5.678,2	69,3	64,9	6,4
				(%)					
Galicia / España	6,2	5,6	5,7	5,1	6,3	7,3			
Galicia 07/06	0,4	2,2	2,6	- 3,8	5,4	- 2,6			
España 07/06	1,9	2,1	2,1	3,0	1,6	1,4			

Mulleres

	Poboación > 16 anos	Activos	Ocupados	Parados	na procura 1º emprego	Inactivos	Taxa actividade	Taxa ocupación	Taxa paro
Galicia	1.244,1	572,5	515,0	57,4	7,4	671,6	46,0	41,4	10,0
A Coruña	516,1	241,5	215,1	26,4	4,7	274,7	46,8	41,7	10,9
Lugo	159,1	64,8	60,0	4,8	1,0	94,3	40,7	37,7	7,4
Ourense	150,7	62,2	57,4	4,8		88,5	41,2	38,1	7,6
Pontevedra	418,1	204,0	182,6	21,5	1,7	214,1	48,8	43,7	10,5
España	19.182,2	9.387,4	8.368,8	1.018,7	121,4	9.794,8	48,9	43,6	10,9
				(%)					
Galicia / España	6,5	6,1	6,2	5,6	6,1	6,9			
Galicia 07/06	0,3	0,8	2,4	- 11,6	- 16,7	- 0,1			
España 07/06	1,6	3,7	4,5	- 2,6	- 7,5	- 0,3			

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

2.1.3.

por riba do 2% (en torno ao 2,9% no ano precedente) ao longo de todo o ano agás no segundo trimestre, que presenta unha medra do 3,8% (3,5% en 2006).

A evolución da ocupación a nivel sectorial amosa avances nos sectores non primarios, especialmente nos servizos e na construción, con 25.200 e 8.300 novos empregos, respectivamente, descendendo unha vez máis a poboación ocupada no sector primario (7.800 traballadores menos). Deste xeito, no ano 2007 o sector servizos acolle 60,8% das persoas ocupadas en Galicia, fronte aos 18,2% da industria e en torno ao 12,3% da construción. A pesar de que no sector primario están ocupados menos do 9% da poboación ocupada de Galicia, cómpre salientar a súa importancia relativa no total estatal, ao acoller o 12,5% do total de persoas ocupadas en España neste sector.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade, a poboación ocupada no subsector de "agricultura, gandería, caza e silvicultura" situouse nas 76.000 persoas, en tanto que a ocupación na pesca e piscicultura acendeu a 27.100. No sector industrial, as ramas relacionadas coas industrias de produtos alimenticios, bebidas e tabaco e co subsector téxtil, coiro, calzado e confeccións téxtiles acollen o 30,6% da ocupación industrial

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.**
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

**Evolución das taxas de actividade, ocupación e paro en Galicia e España 2006-07:
distribución segundo sexo**

	Galicia			España		
	Taxa de Actividade	Taxa de Ocupación	Taxa de Paro	Taxa de Actividade	Taxa de Ocupación	Taxa de Paro
	(<i>%</i>)			(<i>%</i>)		
2006	53,6	49,1	8,5	58,3	53,4	8,5
1º trimestre	53,5	48,2	10,0	58,0	52,7	9,1
2º trimestre	53,2	48,6	8,6	58,3	53,3	8,5
3º trimestre	54,1	50,2	7,3	58,4	53,7	8,2
4º trimestre	53,6	49,3	8,1	58,6	53,7	8,3
2007	54,3	50,1	7,6	58,9	54,0	8,3
1º trimestre	53,8	49,0	8,8	58,6	53,6	8,5
2º trimestre	54,4	50,3	7,6	58,9	54,2	8,0
3º trimestre	54,7	51,0	6,7	59,1	54,4	8,0
4º trimestre	54,2	50,2	7,5	59,1	54,0	8,6

Varóns

	Galicia			España		
	Taxa de Actividade	Taxa de Ocupación	Taxa de Paro	Taxa de Actividade	Taxa de Ocupación	Taxa de Paro
	(<i>%</i>)			(<i>%</i>)		
2006	62,2	58,4	6,1	69,1	64,8	6,3
1º trimestre	62,1	57,5	7,3	68,9	64,2	6,8
2º trimestre	62,0	58,3	6,0	69,1	64,7	6,4
3º trimestre	62,6	59,2	5,6	69,5	65,3	6,0
4º trimestre	62,1	58,7	5,4	69,0	64,8	6,1
2007	63,3	59,7	5,7	69,3	64,9	6,4
1º trimestre	63,0	59,1	6,1	68,9	64,6	6,3
2º trimestre	63,3	59,8	5,4	69,3	65,1	6,1
3º trimestre	63,4	59,8	5,8	69,6	65,3	6,2
4º trimestre	63,6	60,0	5,6	69,2	64,5	6,8

Mulleres

	Galicia			España		
	Taxa de Actividade	Taxa de Ocupación	Taxa de Paro	Taxa de Actividade	Taxa de Ocupación	Taxa de Paro
	(<i>%</i>)			(<i>%</i>)		
2006	45,8	40,5	11,5	47,9	42,4	11,6
1º trimestre	45,8	39,7	13,3	47,5	41,7	12,2
2º trimestre	45,1	39,8	11,8	47,9	42,4	11,5
3º trimestre	46,4	42,0	9,4	47,8	42,5	11,1
4º trimestre	45,9	40,7	11,3	48,6	43,1	11,4
2007	46,0	41,4	10,1	48,9	43,6	10,9
1º trimestre	45,4	39,9	12,2	48,6	43,1	11,4
2º trimestre	46,3	41,5	10,3	48,8	43,7	10,5
3º trimestre	46,7	43,0	7,9	49,0	43,8	10,5
4º trimestre	45,7	41,2	9,8	49,4	43,9	11,0

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.

2.1.

2.1.4.

2.2.

2.3.

(41.200 e 25.400 ocupados, respectivamente). A actividade máis importante do sector servizos, no que ao número de ocupados se refire, é a correspondente ao comercio por xunto e polo miúdo, que acolle o 21,6% do emprego no sector (157.000 persoas).

3.1.

En contraste cos devanditos datos medios, os datos trimestrais reflicten un forte descenso interanual da ocupación industrial no derradeiro trimestre do ano 2007. Tras un aumento da poboación ocupada na industria no primeiro trimestre do ano de case un 12%, a ocupación descende lixeiramente no segundo e terceiro trimestre, para caer un 3,8% no cuarto trimestre do ano. Do mesmo xeito que a industria, o sector primario acadou a súa maior caída interanual no derradeiro trimestre do ano, cun descenso do 10,1%, case oito puntos máis que no mesmo período de 2006. A construción e os servizos son os que mellor resisten a desaceleración na creación de emprego, presentando a construción taxas interanuais de crecemento superiores ao 6,5% no primeiro e cuarto trimestre do ano e do 8,5% no segundo, en tanto que a medra interanual nos servizos foi superior ao 5% no segundo e cuarto trimestre de 2007.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

Novamente a meirande parte da creación de emprego concentrouse nos asalariados. No sector privado, a ocupación medrou un 4,1%, 28.700 traballadores, en tanto que o emprego asalariado no sector público o fixo en 2.700 persoas.

4.2.

Poboación maior de 16 anos en Galicia e España 2007: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España (%)	
	Total	Varóns	Mulleres	Total	Varóns	Mulleres
Poboación de 16-19 anos						
Total	102,0	52,1	49,9	1.844,7	948,3	896,4
Activos	24,7	17,1	7,6	548,0	329,0	219,2
Ocupados	19,0	13,5	5,5	390,8	250,4	140,4
Parados	5,7	3,6	2,1	157,4	78,6	78,8
Na procura 1º emprego	2,9	2,0	0,9	71,3	33,6	37,7
Inactivos	77,3	35,1	42,3	1.296,6	619,4	677,2
Poboación de 20-24 anos						
Total	161,8	82,2	79,5	2.797,6	1.431,2	1.366,4
Activos	94,1	54,4	39,8	1.885,9	1.032,6	853,3
Ocupados	80,9	48,8	32,2	1.600,5	903,8	696,8
Parados	13,2	5,6	7,6	285,3	128,9	156,5
Na procura 1º emprego	3,9	1,1	2,8	56,1	20,8	35,3
Inactivos	67,6	27,9	39,8	911,8	398,6	513,2
Poboación de 25-54 anos						
Total	1.217,2	606,7	610,5	20.946,9	10.665,6	10.281,3
Activos	1.011,5	549,6	462,0	17.349,5	9.879,2	7.470,4
Ocupados	940,0	522,0	418,0	16.093,2	9.343,8	6.749,4
Parados	71,6	27,6	43,9	1.256,4	535,4	721,0
Na procura 1º emprego	5,4	1,8	3,6	67,5	22,3	45,2
Inactivos	205,7	57,1	148,6	3.597,4	786,5	2.811,0
Poboación maior de 55 anos						
Total	900,0	395,8	504,2	12.073,7	5.435,5	6.638,2
Activos	161,7	98,5	63,2	2.406,4	1.561,7	844,7
Ocupados	153,5	94,2	59,4	2.271,6	1.489,3	782,2
Parados	8,2	4,4	3,8	134,8	72,4	62,4
Na procura 1º emprego	-	-	-	3,2	-	3,2
Inactivos	738,3	297,3	441,0	9.667,3	3.873,8	5.793,5
Poboación > 16 anos						
Total	2.380,9	1.136,8	1.244,1	37.662,9	18.480,7	19.182,2
Activos	1.292,0	719,5	572,5	22.189,9	12.802,5	9.387,4
Ocupados	1.193,4	678,3	515,1	20.356,0	11.987,3	8.368,8
Parados	98,7	41,2	57,5	1.833,9	815,2	1.018,7
Na procura 1º emprego	12,5	4,9	7,7	198,1	76,7	121,4
Inactivos	1.088,9	417,3	671,6	15.473,0	5.678,2	9.794,8

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.**
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Evolución da poboación activa, ocupada, asalariada e parada en Galicia e España 2006-07: distribución segundo sexo

	Galicia				España			
	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación parada	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación parada
	<i>(taxa de variación interanual)</i>				<i>(taxa de variación interanual)</i>			
2006	1,4	3,0	5,9	-13,6	3,3	4,1	4,6	-3,9
1º trimestre	1,7	2,7	7,1	-6,8	3,6	4,9	6,1	-7,8
2º trimestre	0,7	3,5	7,2	-22,1	3,3	4,2	4,3	-5,5
3º trimestre	1,4	2,9	4,4	-14,7	3,4	3,7	3,9	0,0
4º trimestre	1,7	2,9	5,1	-10,3	3,1	3,6	3,9	-1,7
2007	1,6	2,5	3,5	-8,5	2,8	3,1	3,4	-0,2
1º trimestre	0,7	2,1	3,8	-11,2	2,8	3,4	3,9	-4,1
2º trimestre	2,6	3,8	4,9	-9,7	2,8	3,4	4,1	-4,2
3º trimestre	1,4	2,0	3,9	-6,4	3,0	3,1	3,1	1,5
4º trimestre	1,5	2,2	1,5	-5,9	2,7	2,4	2,5	6,5

Varóns

	Galicia				España			
	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación parada	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación parada
	<i>(taxa de variación interanual)</i>				<i>(taxa de variación interanual)</i>			
2006	-0,3	0,8	3,9	-15,5	2,3	3,1	3,2	-8,3
1º trimestre	-0,8	0,0	3,4	-9,5	2,6	3,7	4,6	-10,0
2º trimestre	-0,4	1,6	5,2	-24,2	2,4	3,4	2,9	-10,6
3º trimestre	-1,2	-0,5	1,4	-12,2	2,4	2,9	2,7	-4,9
4º trimestre	1,1	2,2	5,9	-15,7	1,8	2,4	2,6	-7,0
2007	2,2	2,6	3,0	-3,9	2,1	2,1	2,2	3,0
1º trimestre	1,8	3,1	5,5	-15,0	1,9	2,4	2,8	-5,5
2º trimestre	2,4	3,1	3,7	-8,3	2,3	2,6	3,2	-1,9
3º trimestre	1,6	1,4	2,3	5,3	2,1	1,9	1,7	5,3
4º trimestre	2,9	2,7	0,5	6,6	2,2	1,4	1,2	15,1

Mulleres

	Galicia				España			
	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación parada	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación parada
	<i>(taxa de variación interanual)</i>				<i>(taxa de variación interanual)</i>			
2006	3,6	6,1	8,7	-12,3	4,8	5,5	6,4	-0,4
1º trimestre	4,9	6,6	12,5	-4,8	5,0	6,7	8,2	-5,9
2º trimestre	2,1	6,2	9,9	-20,6	4,6	5,4	6,3	-1,2
3º trimestre	4,8	7,7	8,5	-16,4	4,7	4,8	5,6	4,0
4º trimestre	2,5	3,8	4,2	-6,9	4,9	5,2	5,8	2,6
2007	0,8	2,4	4,2	-11,5	3,7	4,5	5,0	-2,6
1º trimestre	-0,5	0,7	1,5	-8,6	4,0	5,0	5,5	-3,1
2º trimestre	2,9	4,7	6,4	-10,6	3,4	4,6	5,4	-6,0
3º trimestre	1,1	2,8	5,9	-15,0	4,1	4,8	4,9	-1,4
4º trimestre	-0,1	1,5	2,8	-13,1	3,4	3,8	4,2	0,1

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.1.6.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

En 2007 traballaron por conta allea en torno ás 922.100 persoas (o 56,5% son homes), 31.400 máis que no ano anterior, o que supón un incremento do 3,5%. Asemade, mantense a tendencia dun maior incremento no caso das mulleres asalariadas, con máis de 16.100 ocupadas máis que en 2006 (4,2%), fronte aos 15.300 asalariados (3,5%).

Os **datos trimestrais** reflicten a forte ralentización experimentada no derradeiro trimestre do ano, cunha medra interanual do 1,5% (5,1% en 2006). Esta evolución explícase polo crecemento do 0,7% no número de asalariados no sector privado, sete puntos menos que no mesmo trimestre do ano anterior. Neste último trimestre do ano cómpre salientar o forte incremento experimentado polas mulleres asalariadas no sector público, cun 7,1% (1,8% no caso dos homes).

O número de traballadores por conta propia, tras unha caída aproximada de 2.300 ocupados, acadou no último ano os 270.500 persoas, das que 160.000 corresponden a empresarios sen asalariados ou traballadores independentes, 86.800 a empregadores, e 21.500 ás axudas familiares. Este comportamento ven explicado polo descenso estimado no número de empresarios sen asalariados ou traballadores independentes (8.800 ocupados menos), sendo a caída de case 2.000 persoas no caso tanto das axudas familiares como dos membros de cooperativas. Pola contra, no ano 2007 estimouse unha medra do

Poboación ocupada 2007: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, grupos de idade e nivel de formación acadado

	2007			Galicia/España			07/06		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)			(%)		
Poboación ocupada	678,2	514,9	1.193,4	4,7	6,2	5,9	2,5	2,4	2,5
Sectores económicos									
Agricultura e pesca	60,1	42,9	103,1	8,9	17,1	12,5	- 1,0	- 14,5	- 7,0
Industria	154,5	62,8	217,3	6,3	7,7	6,7	1,5	1,7	1,6
Construción	135,9	11,3	147,3	5,3	7,4	5,5	4,7	23,2	6,0
Servizos	327,7	397,9	725,7	3,7	5,6	5,4	2,8	4,2	3,6
Situación profesional									
Traballadores por conta propia	156,7	113,8	270,5	6,4	10,1	7,5	1,1	- 3,4	- 0,8
Empresarios ou membros cooperativa	147,3	101,8	249,0	6,2	10,2	7,4	1,1	- 1,9	- 0,2
Axudas familiares	9,5	12,1	21,5	10,7	9,0	9,7	1,3	- 13,9	- 7,7
Asalariados	521,1	401,0	922,0	5,5	5,5	5,5	3,0	4,2	3,5
Grupos de idade									
16-19 anos	13,5	5,5	18,9	5,4	3,9	4,8	22,6	26,6	23,7
20-24 anos	48,8	32,2	80,9	5,4	4,6	5,1	- 0,5	- 10,4	- 4,7
25-54 anos	522,0	418,0	940,0	5,6	6,2	5,8	2,2	4,5	3,2
55 e máis anos	94,2	59,4	153,5	6,3	7,6	6,8	3,7	- 4,9	0,2
Nivel de formación acadado									
Analfabetos	0,9	0,2	1,1	2,2	0,9	1,8	111,8	- 80,0	- 21,4
Educación primaria	103,8	69,8	173,6	5,1	6,8	5,7	- 3,5	- 8,4	- 5,5
Educación secundaria	380,7	246,9	627,6	5,9	6,0	6,1	2,8	4,4	3,5
Primera etapa	239,5	142,4	381,9	6,5	7,1	6,9	1,4	5,5	2,9
Segunda etapa	141,2	104,5	245,7	5,1	5,0	5,2	5,3	3,0	4,3
Educación superior, agás doutorado	189,3	195,8	385,1	5,6	6,2	5,9	5,4	5,0	5,2
Doutorado	3,4	2,3	5,7	3,6	4,3	3,9	2,3	- 17,9	- 6,9

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

2.1.7.

Evolución da poboación ocupada en Galicia e España 2006-07: distribución sectorial

	Galicia				España			
	Sector primario	Industria	Construción	Servizos	Sector primario	Industria	Construción	Servizos
	(en miles de persoas)				(en miles de persoas)			
2006	110,9	213,9	138,9	700,5	944,3	3.292,1	2.542,9	12.968,4
1º trimestre	113,0	202,1	132,4	695,0	984,8	3.273,6	2.436,7	12.705,0
2º trimestre	109,6	211,7	136,2	695,3	957,4	3.286,9	2.521,7	12.927,1
3º trimestre	113,0	214,7	144,3	719,2	913,1	3.288,1	2.590,1	13.104,4
4º trimestre	107,9	227,3	142,9	692,5	921,8	3.319,8	2.623,2	13.137,0
2007	103,1	217,3	147,3	725,7	925,5	3.261,8	2.697,4	13.471,3
1º trimestre	103,5	225,8	141,1	695,6	990,0	3.265,3	2.664,7	13.149,3
2º trimestre	107,0	211,1	147,8	730,4	921,0	3.243,8	2.713,7	13.488,7
3º trimestre	104,9	213,8	147,8	748,6	885,3	3.258,9	2.717,5	13.648,8
4º trimestre	97,0	218,7	152,4	728,0	905,8	3.279,1	2.693,5	13.598,5
	(taxa de variación interanual)				(taxa de variación interanual)			
2006	-8,3	-1,6	11,1	5,1	-5,6	0,4	7,9	5,1
1º trimestre	-12,5	-7,4	14,3	7,1	-3,2	0,5	7,3	6,3
2º trimestre	-11,1	-2,2	12,5	6,6	-3,0	0,7	7,8	5,0
3º trimestre	-6,7	-4,1	8,6	5,9	-8,0	-0,7	8,1	4,9
4º trimestre	-2,2	7,8	9,6	1,0	-8,4	1,0	8,3	4,3
2007	-7,0	1,6	6,0	3,6	-2,0	-0,9	6,1	3,9
1º trimestre	-8,4	11,7	6,6	0,1	0,5	-0,3	9,4	3,5
2º trimestre	-2,4	-0,3	8,5	5,0	-3,8	-1,3	7,6	4,3
3º trimestre	-7,2	-0,4	2,4	4,1	-3,0	-0,9	4,9	4,2
4º trimestre	-10,1	-3,8	6,6	5,1	-1,7	-1,2	2,7	3,5

Fonte: IGE e INE

2.1.8.

número de empregadores próxima ás 10.400 persoas. Ao contrario do que acontece no caso dos empresarios con asalariados, onde o sete de cada dez son homes, case seis de cada dez persoas con axudas familiares ou membros de cooperativas son mulleres.

Atendendo á desagregación da poboación ocupada segundo grupos de idade, practicamente todo o incremento da ocupación concentrouse no grupo de idades comprendido entre 25 e 54 anos, con 29.200 empregos. A caída de 4.000 ocupados cunha idade de 20 a 24 anos compénsase coa medra nos outros dous grupos considerados (16 a 19 anos

e maiores de 55). Se o 61,3% do emprego neto xerado entre as persoas de 25–54 anos son mulleres, a meirande parte do emprego destruído nos xoves de 20–24 anos é feminino. Ademais, no caso dos maiores de 55 anos, a ocupación feminina descende en máis de 3.000 persoas, medrando en 3.400 nos homes.

A taxa de ocupación en Galicia é lixeiramente máis alta á media estatal no caso das persoas cunha idade comprendida entre os 25 e 54 anos, sendo inferior nos outros tres grupos de idade. Mentres que a poboación ocupada masculina presenta taxas inferiores á media española nas catro provincias, a taxa de ocupación das mulleres entre 25 e 54 anos é superior á media estatal, sendo similar no caso das mulleres maiores de cincuenta e cinco anos.

O 32% da poboación ocupada galega presenta un nivel de estudos de educación secundaria (primeira etapa) e o 32,3% dos ocupados posúen educación superior (agás doutoramento). O número de mulleres con estudos superiores segue sendo superior ao dos homes, representando o 38,5% das mulleres ocupadas e o 28,4% da poboación ocupada masculina.

O incremento do emprego en relación ao ano anterior rexístrase nos niveis educativos máis altos, en detrimento do acontecido no caso das persoas con estudos primarios e analfabetos. O número de persoas con estudos superiores medra en 18.600 persoas e as de educación secundaria primeira e segunda etapa, o fai en 10.800 e 10.200 persoas, respectivamente. Os niveis educativos mías baixos presentan en conxunto un descenso de 10.500 persoas.

A desaceleración na creación de emprego afectou de maneira desigual entre a poboación española e estranxeira. A ocupación entre os españois medrou un 2% en 2007, tan só unha décima por baixo do estimado no ano anterior, en tanto que entre os estranxeiros, esta porcentaxe sitúase no 15,8%, dezasete puntos menos que no ano precedente. Mentres que a ralentización do emprego feminino é similar entre as españolas e as estranxeiras (17 e 18 puntos porcentuais, respectivamente), o comportamento entre os varóns é moi diferentes. A ocupación entre os homes medra un 2,3% en relación ao ano anterior, máis de dous puntos por riba da taxa de crecemento de 2006, no caso das mulleres o incremento foi 3,4 puntos inferior, situándose no 1,6%. Dos 29.100 empregos creados en Galicia, tan só 23,3% corresponde á poboación estranxeira, sendo esta porcentaxe trinta puntos inferior á media estatal. As mulleres estranxeiras acaparan o 37,5% do emprego feminino creado en Galicia (43,1% no conxunto do Estado), sendo esta porcentaxe do 13,7% no caso dos homes (68,3% en España).

A diferenza do acontecido no conxunto do mercado de traballo español, onde a taxa de ocupación descende no caso dos estranxeiros, esta ratio medrou en Galicia tanto no caso dos españois como dos estranxeiros, situándose no 49,7% e no 61,2%, respectivamente. Entre os homes españois, a taxa de ocupación medra 1,3 puntos, descendendo en máis de dous puntos no caso dos estranxeiros, en tanto que no caso das mulleres, o incremento se produce nas persoas de nacionalidade española e estranxeira. A evolución trimestral amosa que mentres que en España a taxa de ocupación da poboación estranxeira tan só se reduce no derradeiro trimestre do ano, en Galicia esta caída se rexistra ao longo de todo o ano.

As catro provincias galegas presentan unha taxa de ocupación inferior á media española. A máis elevada rexístrase en Pontevedra, con 53,1%, e a máis baixa, en Lugo, co 44,9%. No que atinxe aos homes, a taxa de ocupación está entre o 62,6% de Pontevedra e o 52,6% de Lugo, mentres que no caso das mulleres, esta se sitúa entre o 43,7% de Pontevedra e o 37,7% de Lugo.

No concernente ao **desemprego**, o número medio de parados estimado pola EPA para o ano 2007 descendeu en Galicia en máis de nove mil persoas (8,5% menos que no ano anterior), acadando as 98.700 persoas, o 5,4% da poboación parada estimada para o conxunto do Estado. A pesar deste comportamento positivo e do descenso continuo nos catro trimestres do ano (no conxunto do Estado medra nos dous últimos trimestres do ano), cómpre salientar que esta caída ralentizouse ao longo do ano, estimándose unhas taxas de redución do 11,2% no primeiro trimestre do ano e do 5,9% no derradeiro trimestre de 2007.

Poboación parada en Galicia 2007: distribución segundo sexo, grupos de idade, nivel de formación acadado e tempo de procura de emprego

	2007			Galicia/España			07/06		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)			(en miles de persoas)		
Poboación parada	41,2	57,5	98,7	5,1	5,6	5,4	-1,6	-7,5	-9,1
Grupos de idade									
16-19 anos	3,6	2,1	5,7	4,6	2,7	3,6	1,7	-0,1	1,6
20-24 anos	5,6	7,6	13,2	4,3	4,9	4,6	-2,2	-2,4	-4,6
25-34 anos	13,9	21,0	34,9	5,8	6,8	6,4	-1,6	-1,7	-3,3
35-44 anos	8,8	14,6	23,4	5,2	5,9	5,6	1,7	-2,4	-0,7
45-54 anos	5,0	8,3	13,3	4,0	5,0	4,6	0,0	-0,7	-0,7
55 e máis anos	4,4	3,8	8,2	6,1	6,1	6,1	-1,1	-0,2	-1,3
Nivel de formación acadado									
Analfabetos	0,3	0,2	0,5	2,7	2,0	2,4	0,3	0,1	0,4
Educación primaria	7,3	8,7	16,0	3,9	4,9	4,4	0,1	0,9	1,0
Educación secundaria	23,4	32,9	56,3	5,0	5,4	5,2	-0,3	-2,9	-3,2
Primera etapa	14,0	17,6	31,6	4,8	5,0	4,9	-1,4	-1,9	-3,3
Segunda etapa	9,4	15,3	24,7	5,3	6,0	5,7	1,1	-1,0	0,1
Educación superior, agás doutorado	10,1	15,7	25,8	6,8	7,1	7,0	-1,2	-5,6	-6,8
Doutorado	0,1	0,1	0,2	4,8	5,0	4,9	-0,3	0,1	-0,2
Tempo de procura de emprego									
Xa atopou emprego	6,9	7,1	14,0	5,4	5,4	5,4	1,0	0,9	1,9
Menos de 1 mes	4,9	5,3	10,2	4,4	4,7	4,5	0,1	-1,4	-1,3
De 1 mes a menos de 3 meses	9,4	12,8	22,2	4,9	6,0	5,4	0,1	-1,0	-0,9
De 3 meses a menos de 6 meses	5,2	7,7	12,9	4,4	5,1	4,8	-0,2	-0,6	-0,8
De 6 meses a menos de 1 ano	5,4	5,9	11,3	5,4	4,3	4,8	-0,8	-2,2	-3,0
De 1 ano a menos de 2 anos	4,0	6,5	10,5	4,8	5,1	5,0	-1,0	-1,8	-2,8
2 anos ou máis	5,4	12,1	17,5	6,7	8,4	7,8	-0,9	-1,5	-2,4

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

2.1.9.

O **cadro 2.1.9.** indica que a pesar de que a caída do paro foi maior no caso das mulleres, con 7.500 desempregadas menos, case sesenta de cada cen parados en Galicia son mulleres. A importancia relativa do número de mulleres desempregadas no total estatal ascende ao 5,6% fronte ao 5,1% no caso dos homes. Ao longo do último ano, mentres que a taxa de variación interanual aumenta en Galicia nos dous últimos trimestres do ano no caso dos homes, o desemprego feminino descendeu nos catro trimestres.

As estimacións da EPA indican que 28.000 persoas, o 28,4% da poboación parada galega, leva máis dun ano na procura de emprego (18.600 son mulleres). Por contra, 22.200 desempregados levan entre 1 e 3 meses buscando emprego (22,5% dos parados) e 10.200, menos dun mes (10,3%). Un aspecto que hai que salientar é o feito de que a caída do paro produciuse en todos os grupos considerados, destacando as rexistradas entre as persoas que levan na procura de emprego entre seis meses e un ano, con 2.975 persoas menos, e para os que levan entre un e dous anos e máis de dous anos, con 2.700 e 2.450 desempregados menos.

A taxa de paro estimada para Galicia continuou descendendo, situándose a media anual no 7,6%, sete décimas por baixo da media española. Ao igual que o acontecido co número de desempregados, o ritmo de diminución ralentizouse ao longo de 2007. Cómpre salientar que a taxa de paro en Galicia descende trimestre a trimestre, mentres que en España aumenta no derradeiro trimestre do ano.

Por sexos, as taxas de desemprego dos homes e mulleres galegas foron inferiores á media estatal, acadando o 5,7% e o 10%, respectivamente (6,4% e 10,9% de media en España). A pesar deste importante diferencial, os datos trimestrais indican un desigual comportamento, xa que mentres que a taxa de paro masculina medra nos dous últimos trimestres do ano en relación ao mesmo período do ano anterior, no caso das mulleres esta descende ao longo de todo o ano. Asemade, esta caída é moito máis acusada que a estimada no caso español.

En canto á distribución segundo idades, os distintos grupos de idade presentan unha taxa de paro inferior á media estatal. As taxas de desemprego máis elevadas corresponden á poboación nova, situándose a mesma no 23,2% no caso das persoas de 16 a 19 anos, e no 14% entre os mozos con idades comprendidas entre 20 e 24 anos. Entre as

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.**
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Asalariados e taxa de temporalidade 2007: distribución segundo sexo, sector e provincia

	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total		Taxa de temporalidade		
	Sector público	Sector privado	Sector público	Sector privado	Sector público	Sector privado	Sector público	Sector privado	Total
	(en miles de persoas)				(%)				
Galicia	143,6	489,4	47,7	241,4	191,3	730,8	24,9	33,0	31,4
A Coruña	71,1	205,4	16,1	100,1	87,2	305,5	18,5	32,8	29,6
Lugo	15,8	48,0	7,0	19,8	22,8	67,8	30,7	29,2	29,6
Ourense	17,1	52,7	9,2	24,9	26,3	77,6	35,0	32,1	32,8
Pontevedra	39,6	183,3	15,4	96,6	55,0	279,9	28,0	34,5	33,4
Ámbolos dous sexos									
Homes	71,5	290,3	17,5	141,8	89,0	432,1	19,7	32,8	30,6
Mulleres	72,1	199,0	30,2	99,6	102,3	298,6	29,5	33,4	32,4
España	2.164,2	9.289,0	748,8	4.558,1	2.913,0	13.847,1	25,7	32,9	31,7
Homes	1.130,0	5.481,4	261,8	2.648,7	1.391,7	8.130,1	18,8	32,6	30,6
Mulleres	1.034,2	3.807,6	487,1	1.909,4	1.521,3	5.717,0	32,0	33,4	33,1

Fonte: IGE, Enquisa de poboación activa

2.1.10.

mulleres, as taxas de paro nestes grupos de idade situáronse en 27,6% (case sete puntos por riba da taxa estimada no caso dos homes) e 19,2% (nove puntos por riba), respectivamente. En relación ao ano anterior, todos os grupos de idade agás os maiores de 55 anos, cunha taxa de desemprego similar, presentan unha caída da súa taxa de paro, descendo en 2,4 puntos no caso das persoas menores de 25 anos (2,8 puntos entre as persoas de 16 a 19 anos).

Se a análise se fai atendendo á nacionalidade das persoas, ao igual que acontece no conxunto do mercado de traballo galego, a taxa de paro descende tanto no caso das persoas españolas como das estranxeiras. En 2007, a taxa de paro media foi do 7,3% no caso dos españois e do 15,5% no caso da poboación estranxeira, cando no ano anterior estas porcentaxes eran do 8,2% e 16,3%, respectivamente.

Entre as persoas de nacionalidade estranxeira este descenso prodúcese tan só no caso das mulleres. A taxa de paro feminina sitúase no 18,1%, máis de cinco puntos por baixo da estimada en 2006.

Se se considera a desagregación da taxa de paro segundo provincias, cómpre salientar que Lugo e Ourense seguen presentando as menores taxas de desemprego, que se sitúan por baixo do 6%, en tanto que en A Coruña e Pontevedra esta supera o 8%. Atendendo ao diferencial entre as taxas de paro masculinas e femininas, o devandito **cadro 2.1.3.** indica que o máis elevado corresponde a A Coruña, con 4,8 puntos, en tanto que o máis baixo corresponde novamente a Lugo, con 2,8 puntos.

- **Análise da temporalidade**

Favorecido pola Ley estatal 43/2006, do 29 de decembro, así como polos acordos sobre obxectivos e medidas de emprego asinados no marco do diálogo social, un dos aspectos máis salientables do mercado de traballo galego en 2007 foi o forte crecemento do emprego asalariado indefinido, con case 53.000 traballadores máis. Ao igual que acontece no conxunto do Estado, este incremento estivo acompañado dunha caída do emprego temporal en máis de 21.000 asalariados. Tras este comportamento, que se produce no sector público e, en menor medida, no privado, o número de asalariados con contratos de duración indefinida foi de 633.000 persoas, un 9,1% máis que o promedio de 2006, fronte aos 289.100 traballadores que en 2007 teñen un contrato temporal, un 6,9% menos que no ano precedente.

Isto, unido ao proceso de axuste automático do mercado de traballo, no que á evolución do emprego temporal se refire, tradúcese nunha redución, en tres puntos porcentuais e medio, da elevada taxa de temporalidade, que sitúa no 31,4%. A diferenza do acontecido no ano anterior, a temporalidade descende tanto no sector privado como no público, salientando a redución de case catro puntos experimentada no primeiro caso, onde a proporción de asalariados con contrato de duración temporal sobre o total de asalariados acadou o 33% (24,9% no caso do sector público).

Con todo, hai que resaltar o distinto comportamento experimentado no caso dos homes e das mulleres. Tendo en conta que os contratos de duración indefinida medran en maior medida no caso das mulleres, e que descende o número de contratos femininos de duración temporal, a redución da taxa de temporalidade no caso das mulleres foi moi superior á rexistrada no caso dos homes. No último ano traballaron 35.000 mulleres asalariadas con contrato indefinido máis que no ano anterior (14,9%) fronte aos 17.600 varóns máis. A proporción de asalariados temporais respecto ao número de asalariados totais situouse no 32,4% no caso das mulleres (6,3 puntos menos que no ano precedente), sendo esta porcentaxe do 30,6% no caso dos homes (1,4 puntos menos que no anterior).

Comparado cos mesmos trimestres do ano anterior, a taxa de temporalidade descende paulatinamente ao longo de todo o ano, sendo esta caída moito máis acusada na comunidade galega. Se no primeiro trimestre do ano, a taxa de temporalidade era tan só sete décimas inferior á da mesma data de 2006, (-1,4 puntos en España), no derradeiro trimestre do ano, este diferencial era de 5,8 puntos en Galicia e de 2,9 en España. Atendendo á desagregación segundo sexos, esta mesma tendencia rexístrase no caso das mulleres en tanto que no caso dos homes, a taxa de temporalidade é 1,8 puntos superior á do primeiro trimestre de 2006.

A pesar do importante descenso da temporalidade feminina tanto no sector público coma privado, esta se sitúa por riba da rexistrada no caso dos homes. No sector privado, a taxa feminina de temporalidade acadou en Galicia un valor de 33,4%, seis décimas superior á correspondente aos homes. No sector público, a proporción de asalariados temporais situouse no 29,5%, case dez puntos por riba da taxa de temporalidade masculina.

O **cadro 2.1.10.** amosa que Pontevedra volve a ser a provincia coa taxa de temporalidade máis elevada, cun 33,4%, rexistrándose as máis baixas en A Coruña e Lugo, cun 29,6%. Atendendo á distribución segundo sector, as proporcións de asalariados temporais máis elevadas acadáronse, no caso do sector privado, en Pontevedra, cun 34,5%, en tanto que no caso do sector público, a proporción máis elevada produciuse en Ourense, cun 35,0%.

Datos rexistrados nas oficinas de emprego da Xunta e do INEM

O número de persoas paradas rexistradas nas oficinas de emprego de Galicia o último día de cada mes descendeu ao longo do ano 2007 (en media anual) en máis de dez mil persoas, acadando as 150.546 persoas desempregadas (o 7,4% do paro rexistrado de media en España). Esta caída segue reflectindo un mellor comportamento do paro rexistrado en comparación co conxunto do Estado, dado que este se reduce un 6,7% en Galicia en relación ao ano anterior permanecendo relativamente constante en España.

A pesar deste comportamento globalmente positivo, os datos interanuais reflicten para Galicia un claro cambio de tendencia a partir do mes de xullo, cando se rexistra unha moderación no descenso do desemprego. Fronte á maior caída do desemprego masculino (media anual), no segundo semestre do ano as mulleres presentan un descenso do paro superior ao rexistrado no caso dos homes.

Ao igual que acontecera en 2006, a devandita caída produciuse nas catro provincias galegas e en todos os sectores considerados. A provincia de Pontevedra presenta en 2007 os maiores descensos tanto en termos relativos coma absolutos, cunha caída do 7,4% respecto ao ano anterior, 4.415 persoas menos. A Coruña segue sendo a que acolle o maior número de parados rexistrados, con 61.636 persoas, fronte ás 54.919 persoas en Pontevedra.

Atendendo á distribución sectorial, o sector servizos acolle máis da metade dos desempregados rexistrados en Galicia (o 55,9%), fronte ao 15,7% do sector industrial. No conxunto do Estado, estas porcentaxes son do 60,9% e o 13,5%, respectivamente. Asemade, cómpre salientar o diferente peso relativo do colectivo "sen emprego anterior", que, tras unha caída tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, representa o 15,1% dos desempregados rexistrados en Galicia fronte ao 10,9% en España.

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

Paro rexistrado en Galicia e España 2006-07 ⁽¹⁾: distribución segundo sector económico

2006						
	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior	Total
Galicia	4.919	25.485	16.651	90.684	23.539	161.278
A Coruña	1.686	10.390	7.007	37.082	9.345	65.510
Lugo	528	1.718	1.859	9.476	2.565	16.146
Ourense	574	3.249	2.516	11.055	2.894	20.288
Pontevedra	2.131	10.128	5.269	33.071	8.735	59.334
España	63.753	286.696	222.215	1.242.365	224.385	2.039.414
Galicia / España (%)	7,7	8,9	7,5	7,3	10,5	7,9

2007						
	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior	Total
Galicia	4.627	23.676	15.217	84.224	22.804	150.548
A Coruña	1.569	9.822	6.442	34.819	8.984	61.636
Lugo	477	1.518	1.703	8.717	2.564	14.979
Ourense	567	3.047	2.333	10.291	2.776	19.014
Pontevedra	2.014	9.289	4.739,0	30.397	8.480	54.919
España	64.952	274.356	234.842	1.242.067	222.787	2.039.004
Galicia / España (%)	7,1	8,6	6,5	6,8	10,2	7,4

(1) medias anuais

(2) Tendo en conta o cambio metodolóxico aplicado dende maio de 2005, os datos dos catro primeiros meses de 2005 son simulados
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

2.1.11.

Evolución do paro rexistrado en Galicia e España 2006-07

	Galicia	España	Galicia / España	Galicia	España
	(en miles de persoas)		(%)	(taxa de variación interanual)	
2006	161.276	2.039.414	7,91	-6,3	-1,5
xaneiro	181.401	2.171.503	8,35	-4,2	-0,2
febreiro	178.373	2.169.277	8,22	-4,4	0,2
marzo	176.114	2.148.530	8,20	-5,5	0,2
abril	170.332	2.075.676	8,21	-5,7	-1,0
maio	163.161	2.004.528	8,14	-5,2	-0,1
xuño	153.746	1.959.754	7,85	-5,2	-0,8
xullo	148.068	1.954.984	7,57	-5,9	-1,7
agosto	146.388	1.983.677	7,38	-6,9	-1,8
setembro	146.834	1.966.166	7,47	-6,5	-2,3
outubro	151.534	1.992.836	7,60	-7,8	-2,9
novembro	158.690	2.023.164	7,84	-8,2	-3,5
decembro	160.666	2.022.873	7,94	-10,1	-3,8
2007	150.546	2.039.004	7,38	-6,7	0,0
xaneiro	163.583	2.082.508	7,86	-9,8	-4,1
febreiro	160.904	2.075.275	7,75	-9,8	-4,3
marzo	159.886	2.059.451	7,76	-9,2	-4,1
abril	155.479	2.023.124	7,69	-8,7	-2,5
maio	148.209	1.973.231	7,51	-9,2	-1,6
xuño	143.156	1.965.869	7,28	-6,9	0,3
xullo	139.998	1.970.338	7,11	-5,5	0,8
agosto	140.299	2.028.296	6,92	-4,2	2,2
setembro	140.960	2.017.363	6,99	-4,0	2,6
outubro	146.371	2.048.577	7,15	-3,4	2,8
novembro	152.728	2.094.473	7,29	-3,8	3,5
decembro	154.982	2.129.547	7,28	-3,5	5,3

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

2.1.12.

Demandas de emprego rexistradas en Galicia e España 2006-07

	2006			2007			07/06	
	Galicia	España	G / E (%)	Galicia	España	G / E (%)	Galicia	España
Demandas emprego pendentes	208.089	2.995.448	6,9	195.681	3.018.073	6,5	-6,0	0,8
Demandantes non parados	46.811	956.035	4,9	45.135	979.071	4,6	-3,6	2,4
Disponibilidade limitada	11.774	95.912	12,3	11.497	96.893	11,9	-2,4	1,0
Con relación laboral	2.728	85.520	3,2	3.173	101.338	3,1	16,3	18,5
TEASS		185.916	-		168.455	-		-9,4
Ocupados	25.153	487.900	5,2	24.983	510.344	4,9	-0,7	4,6
D. empregos específicos	295	9.181	3,2	183	23.055	0,8	-38,0	151,1
Outros	6.861	91.606	7,5	5.300	78.984	6,7	-22,8	-13,8
Paro rexistrado	161.278	2.039.413	7,9	150.546	2.039.004	7,4	-6,7	0,0
Demandas emprego non ocupados	168.137	2.316.936	7,3	155.793	2.286.444	6,8	-7,3	-1,3

(1) En medias anuais. Calculadas coma a media dos datos correspondentes a cada un dos meses do ano
Fonte: INEM

2.1.13.

O número medio de demandas de emprego rexistradas nas oficinas do INEM volveu a descender no ano 2007, acadando os 195.681 demandantes (media anual calculada a partir dos datos correspondentes aos doce meses do ano), un 6% inferior (12.408 demandas menos) ás rexistradas no ano precedente. Destas, 150.546 persoas son demandantes parados (un 6,7% menos que no ano 2006) e 45.135 persoas, demandantes non parados (descende un 3,6% en relación ao ano anterior). Coma indica o **cadro 2.1.13.**, o número de demandantes de emprego non ocupados (DENOs) descendeu en 2007 un 7,3% para situarse nos 155.793 demandantes.

O número total de contratos rexistrados en Galicia (incluídas as conversións de contratos en indefinidos) ascendeu no último ano a 864.634, o que representa o 4,6% dos contratos rexistrados no conxunto do Estado. Destas contratacións, 815.468 corresponden a contratos iniciais (o 4,4% dos rexistrados en España) e os restantes 49.166 contratos, a contratos convertidos en indefinidos (o 5,4% das conversións estatais). Comparado co ano anterior, o número de contratos medrou un 0,8%, tres décimas por riba da cifra rexistrada en España

Respecto ao fluxo de entrada ao emprego indefinido, sen contar as conversións, Galicia rexistrou un elevado ritmo de contratación ao medrar un 25,1% en 2007 (28,3% no conxunto do Estado), máis de trece puntos superior á do ano anterior. O número total de contratos indefinidos ascendeu no último ano a 45.542 (9.931 contratos iniciais máis que no ano anterior), dos que 27.807 contratos (5.042 máis que no ano precedente) corresponderon aos homes, e 21.735 (4.889 máis que en 2006), a mulleres. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 3,8% destes contratos, sendo esta porcentaxe do 4,1% no caso dos homes e do 3,4% no das mulleres.

A contratación indefinida de carácter ordinario experimentou no último ano un forte impulso, ao medrar un 49% en relación ao ano anterior, sendo esta evolución especialmente significativa no caso das mulleres, cun incremento do 112,8% (7.362 contratos máis). Por contra, os contratos indefinidos de fomento de emprego non parecen haberse visto incentivados polas bonificacións definidas na devandita Ley, descendo o seu número un 7,9% (un 10,1% de media en España).

O número de contratos iniciais de duración temporal, trala medra do 0,5% (3.927 contratos máis) rexistrada no último ano, ascendeu a 765.926, dos que 400.117 contratos foron asinados por homes. A súa importancia relativa no total estatal ascende ao 4,7%, sendo do 4,5% no caso dos homes e do 4,9%, no das mulleres. O **cadro 2.1.14.** reflicte que os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os de obra ou servizo seguen a ser o tipo de contratos máis numerosos, ao acoller o 43,8% e 39,1% dos contratos de duración temporal, respectivamente.

A pesar de que no ano 2007 os homes seguen asinando un maior número de contratos que as mulleres, cómpre salientar que en relación ao ano anterior, as mulleres asina-

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.**
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2007: distribución segundo tipo de contrato

	Galicia			España		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	<i>(en miles de persoas)</i>					
Contratos de duración indefinida	27.807	21.735	49.542	681.227	636.947	1.318.174
Indefinido ordinario	19.943	13.902	33.845	525.238	464.351	989.589
Indefinido de fomento de emprego	7.290	7.570	14.860	147.376	168.113	315.489
Indefinido minusválidos	574	263	837	8.613	4.483	13.096
Contratos de duración temporal	400.117	365.809	765.926	8.867.651	7.534.343	16.401.994
Obra ou servizo	180.773	118.464	299.237	4.450.951	2.412.531	6.863.482
Eventual segundo circunstancias da produción	167.058	168.450	335.508	3.822.431	3.850.950	7.673.381
Interinidade	22.904	63.629	86.533	375.802	1.115.969	1.491.771
Temporais para minusválidos	791	319	1.110	11.047	5.692	16.739
Temporais de inserción	-	-	-	-	-	-
Relevo	1.282	507	1.789	23.750	10.868	34.618
Xubilación parcial	1.353	274	1.627	23.555	5.890	29.445
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	35	24	59	1.250	728	1.978
Contrato en prácticas	3.421	3.627	7.048	38.969	42.048	81.017
Contrato para a formación	8.017	4.862	12.879	67.936	41.471	109.407
Outros contratos	14.483	5.653	20.136	51.960	48.196	100.156
Contratos convertidos en indefinidos	28.285	20.881	49.166	507.588	394.622	902.210
Total contratos	456.209	408.425	864.634	10.056.466	8.565.912	18.622.378

Fonte: INEM

2.1.14.

Contratos de traballo de duración temporal 2007

	< 1 mes	de 1 a 6 meses	> 6 meses	Subtotal	Indeterm.	Total
Por obra ou servizo determinado	28.418	14.188	10.242	52.848	246.389	299.237
Eventuais por circunstancias produción	149.310	172.662	13.534	335.506	-	335.506
Interinidade	30.040	8.390	481	38.911	47.622	86.533
Temporais para minusválidos	-	-	1.110	1.110	-	1.110
De inserción	-	1	-	1	-	1
De relevo	5	20	1.764	1.789	-	1.789
Xubilación Parcial	2	3	1.483	1.488	46	1.534
Substitución xub. 64 anos	-	-	59	59	-	59
Prácticas	-	4.268	2.780	7.048	-	7.048
Formación lei 63/97	-	11.727	1.152	12.879	-	12.879
Outros	12.148	586	282	13.016	7.120	20.136
Total	219.923	211.845	32.887	464.655	301.177	765.832
% / total	28,7	27,7	4,3	60,7	39,3	100

Fonte: INEM

2.1.15.

ron un total de 17.579 contratos máis fronte ao descenso en máis de 2.500 no caso dos homes. Isto é resultado do incremento tanto dos contratos de duración temporal como das conversións en indefinidos, que medran, no caso das mulleres, en case 8.000 e 4.800, respectivamente (o seu número descende en ambos os dous tipos de contratos no caso dos homes).

Por mor do peso dos contratos por obra ou servizo determinado, o 39,3% dos contratos temporais teñen unha duración indeterminada. Se consideramos tan só os contratos cunha duración concreta, cómpre salientar que o 47,3% dos mesmos teñen unha duración inferior a un mes, e un 45,6% unha duración entre un e seis meses. Tan só un 7,1% dos contratos temporais de duración determinada teñen unha duración superior a seis meses, un punto porcentual menos que en 2006.

No concernente á distribución dos contratos rexistrados segundo sectores e ramas de actividade, salienta o volume de contratacións pertencentes á rama de "actividades inmobiliarias e de alugueiro", con 217.107 contratos (o 26,6% do total de contratos galegos), así como as pertencentes á construción, con 93.104 contratos (o 11,4%), ao

Contratos de traballo en Galicia e España 2007: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		G/E
		(% / total)		(% / total)	(%)
Sector primario	20.544	2,5	1.751.972	9,4	1,2
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	10.288	1,3	1.728.260	9,3	0,6
Pesca	10.256	1,3	23.712	0,1	43,3
Industria	82.462	10,1	1.296.649	7,0	6,4
Industrias extractivas	1.923	0,2	17.455	0,1	11,0
Industria manufacturera	79.949	9,8	1.257.060	6,8	6,4
Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	590	0,1	22.134	0,1	2,7
Construción	93.104	11,4	2.815.144	15,1	3,3
Servizos	619.356	76,0	12.758.343	68,5	4,9
Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, e artigos persoais e de uso doméstico	84.156	10,3	1.944.899	10,4	4,3
Hostalería	79.090	9,7	1.745.056	9,4	4,5
Transporte, almacenamento e comunicacións	69.161	8,5	800.116	4,3	8,6
Intermediación financeira	4.621	0,6	109.782	0,6	4,2
Actividades inmobiliarias e aluguer	217.107	26,6	5.195.337	27,9	4,2
Educación	27.121	3,3	493.370	2,6	5,5
Actividades sanitarias e veterinarias. servizos Sociais	20.899	2,6	475.977	2,6	4,4
Outras actividades sociais e de servizos prestados á Comunidade. servizos persoais	47.154	5,8	917.532	4,9	5,1
Fogares que empregan persoal doméstico	69.730	8,6	1.049.865	5,6	6,6
Organismos extraterritoriais	308	0,0	25.744	0,1	1,2
Peons	9	0,0	665	0,0	1,4
Total	815.466	100	18.622.108	100	4,4

Fonte: INEM

2.1.16.

“comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, e artigos persoais e de uso doméstico”, con 84.156 contratos (10,3%).

Atendendo á importancia relativa das contratacións galegas no total estatal, cómpre salientar o peso relativo da ramas pesqueira, que representa o 43,3% das contratacións españolas nesta rama, así como as rexistradas no caso da industria extractivas e no transporte, almacenamento e comunicacións, co 11% e 8,6%, respectivamente.

Coma é normal, a meirande parte dos contratos iniciais rexístranse a nome das persoas máis novas, de tal xeito que os menores de trinta anos asinaron en Galicia o 48,9% dos contratos iniciais en 2007 (47,2% no conxunto do Estado). Atendendo á desagregación segundo modalidade de traballo, os menores de 30 anos asinan o 39,6% dos contratos iniciais indefinidos (43,4% no conxunto do Estado), sendo estas porcentaxes do 49,5% no caso dos contratos iniciais dunha duración temporal (47,5% de media en España). Mentres que en Galicia o peso relativo dos contratos de duración indefinida no total de contratos iniciais en 2007 é do 6,1% (7,4% no conxunto do Estado), no caso das persoas menores de trinta anos, esta porcentaxe redúcese ata o 4,9% (6,8% en España).

Empresas de traballo temporal (ETT)

No ano 2007 hai 29 empresas de traballo temporal cun centro de traballo en Galicia (o 3,7% do total de ETT a nivel estatal), ascendendo os contratos de posta a disposición ata os 111.243 (8.794 contratos máis que no ano anterior), que representan o 4,2% dos contratos rexistrados no conxunto do Estado.

Atendendo á desagregación segundo provincias, tras unha medra de máis de tres mil cen contratos, Pontevedra acolle o maior número de contratos de posta a disposición, con 51.346 contratos, situándose no último ano por diante de A Coruña, que acada os 48.689 contratos (5.608 máis que en 2006). A diferenza do acontecido no ano anterior, o **cadro 2.1.17.** reflicte que agás Lugo, con 240 contratos menos, medra o número de contratos nas distintas provincias galegas.

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.**
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Empresas de trabajo temporal e contratos de posta a disposición nas CC.AA. 2006-07 ⁽¹⁾

	2006		2007		07/06	
	ETTs	contratos	ETTs	contratos	ETTs	contratos
Andalucía	70	233.561	71	258.767	1	25.206
Aragón	35	68.789	40	66.451	5	-2.338
Asturias	23	31.889	21	33.469	-2	1.580
Baleares	21	25.259	24	27.264	3	2.005
Canarias	32	94.273	31	100.429	-1	6.156
Cantabria	16	29.111	16	33.170	0	4.059
Castela - A Mancha	33	73.606	35	76.541	2	2.935
Castela e León	28	130.195	31	133.806	3	3.611
Cataluña	122	543.686	118	587.725	-4	44.039
C. Valenciana	81	279.749	93	310.434	12	30.685
Extremadura	12	9.981	11	10.206	-1	225
Galicia	28	102.530	29	111.324	1	8.794
A Coruña		43.081		48.689		5.608
Lugo		6.218		5.978		-240
Ourense		5.015		5.311		296
Pontevedra		48.216		51.346		3.130
Madrid	115	447.154	116	465.600	1	18.446
Murcia	55	190.576	55	173.385	0	-17.191
Navarra	28	51.522	27	51.903	-1	381
País Vasco	47	192.865	46	188.645	-1	-4.220
Rioxa	16	22.351	16	24.211	0	1.860
Ceuta e Melilla	4	-	-	-	-4	-
					0	0
Total	766	2.527.097	780	2.653.330	14	126.233

(1) ETTs con autorización a 31 de decembro de cada ano segundo C.A. de ubicación dos seus centros de traballo
Fonte: *Ministerio de Trabajo e Inmigración*

2.1.17.

Estrutura global da negociación colectiva en Galicia 2006-07

	C.Autónoma/ Interprovincias C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total (1)
	2006					
Sector	14	34	23	21	34	126
Empresa	45	195	63	57	228	588
Total	59	229	86	78	262	714
2007						
Sector	14	34	23	21	33	125
Empresa	45	203	66	59	234	607
Total	59	237	89	80	267	732

(1) neste cómputo contabilízanse convenios colectivos e acordos reguladores
Fonte: *Consello Galego de Relacións Laborais, Informe sobre a negociación colectiva galega*

2.1.18.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2006-07

	Convenios renovados		Revisións salariais		Negociados por 1ª vez		Total	
	nº	Traballadores	nº	Traballadores	nº	Traballadores	nº	Traballadores
2006								
Sector	40	114.519	35	168.874	2	1.577	77	284.970
Empresa	124	15.748	29	2.627	27	1.755	180	20.130
Total	164	130.267	64	171.501	29	3.332	257	305.100
2007								
Sector	41	254.081	29	94.970	-	-	70	349.051
Empresa	131	12.631	26	4.283	23	1.269	180	18.183
Total	172	266.712	55	99.253	23	1.269	250	367.234

Fonte: *Consello Galego de Relacións Laborais, Informe sobre a negociación colectiva galega*

2.1.19.

Traballadores e empresas afectados por convenios colectivos e revisións salariais de grupo de empresas, empresas ou ámbitos inferiores á empresa e de sector negociados con efectos para 2007

Empresas

	C/Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.
Agricultura	-	-	23	1	90	1	-	-	13	1	126	3
Industria	1.714	5	1.942	14	765	12	1.090	10	4.457	31	9.988	72
Construción	-	-	-	-	184	2	-	-	-	-	184	2
Servizos	1.761	11	2.051	35	707	13	335	7	3.051	41	7.905	107
Total	3.475	16	4.016	50	1.746	28	1.425	17	7.521	73	18.183	184

Sector

	C/Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.	Nº traball.	Nº empr.
Agricultura	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Industria	275	49	19.220	2.401	2.865	1.294	8.363	723	30.100	4.967	60.813	9.434
Construción	-	-	60.000	3.570	-	-	8.400	670	50.400	4.000	118.800	8.240
Servizos	11.627	3.204	86.291	12.718	4.085	1.528	13.512	4.944	53.923	12.794	169.438	35.188
Total	11.902	3.253	165.511	18.689	6.940	2.822	30.275	6.337	134.423	21.761	349.051	52.862

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Informe sobre a negociación colectiva galega

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.**
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Xornada media efectiva por traballador 2006-07 nas CC.AA.: distribución segundo sector de actividade

	2006				2007			
	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos	Total
	(horas / ano)							
Andalucía	1.697,2	1.763,4	1.602,7	1.646,2	1.699,6	1.770,7	1.567,9	1.622,5
Aragón	1.708,3	1.714,7	1.578,0	1.631,3	1.687,3	1.741,1	1.554,1	1.614,2
Asturias	1.651,4	1.774,9	1.520,6	1.583,7	1.640,1	1.750,1	1.533,1	1.586,0
Baleares	1.704,6	1.741,3	1.615,2	1.643,4	1.711,8	1.754,0	1.642,1	1.665,9
Canarias	1.735,1	1.785,8	1.629,5	1.662,4	1.737,1	1.780,8	1.621,3	1.654,0
Cantabria	1.699,2	1.748,2	1.594,8	1.642,2	1.668,3	1.747,7	1.562,2	1.613,6
Castela-A Mancha	1.728,0	1.778,0	1.601,4	1.669,0	1.702,0	1.782,1	1.586,2	1.653,8
Castela e León	1.686,0	1.750,9	1.530,8	1.600,5	1.689,4	1.755,3	1.535,6	1.602,5
Cataluña	1.679,8	1.741,8	1.570,3	1.613,4	1.671,4	1.726,5	1.569,1	1.608,2
C. Valenciana	1.685,7	1.736,7	1.604,2	1.642,7	1.681,2	1.735,7	1.605,6	1.641,7
Estremadura	1.680,1	1.785,2	1.571,8	1.630,2	1.697,4	1.795,3	1.547,7	1.620,2
Galicia	1.704,2	1.769,1	1.611,7	1.656,7	1.698,7	1.746,5	1.593,9	1.640,8
Madrid	1.693,1	1.736,5	1.603,8	1.629,5	1.688,8	1.746,0	1.599,4	1.625,2
Murcia	1.714,4	1.752,2	1.583,9	1.641,3	1.701,2	1.732,0	1.593,2	1.638,8
Navarra	1.628,6	1.724,9	1.547,8	1.592,3	1.624,4	1.734,9	1.515,0	1.574,1
País Vasco	1.609,0	1.696,4	1.516,6	1.559,8	1.596,2	1.674,5	1.493,0	1.538,2
Rioxa (A)	1.689,8	1.771,1	1.554,8	1.627,4	1.692,3	1.745,5	1.556,2	1.623,7
Total	1.684,1	1.750,5	1.587,5	1.628,9	1.677,1	1.749,0	1.578,4	1.620,1

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

2.1.21.

Relacións laborais e negociación colectiva

O número de convenios colectivos –vixentes ou prorrogados tacitamente– existentes en Galicia a 31 de decembro do ano 2007 ascendeu ata os 732, dezaoto máis que no ano anterior, dos que o 82,9% (607 convenios) corresponde a convenios de empresa.

O número de convenios colectivos asinados e/ou revisados ao longo do último ano ascendeu a 250 (195 asinados renovados e 55 revisados), que afectaron a un total de 367.234 traballadores. En 2007 negociáronse por primeira vez un total de 23 convenios (seis menos que no ano anterior) que afectaron a 1.269 traballadores (2.063 traballadores menos).

O 6,8% destes convenios asinados e/ou revisados no último ano teñen un ámbito de aplicación superior ao provincial. No resto dos convenios, a provincia de Pontevedra é a que concentra o maior número de convenios, con 95 (o 38%), situándose A Coruña como a provincia con maior número de traballadores afectados, ao acoller o 46,2% dos traballadores afectados (169.527 persoas).

Os 70 convenios de sector afectaron en 2007 a 349.051 traballadores, o que significa que o 28% dos convenios afectan ao 95% dos traballadores. Os 43 convenios pertencentes ao sector servizos afectan ao 49% dos traballadores, en tanto que os 3 convenios colectivos asinados e revisados en Galicia no ano 2007 afectaron o 34% dos traballadores. No caso dos convenios a nivel empresa, os 70 convenios de empresas industrias agrupan ao 55% dos traballadores afectados, en tanto que os 105 convenios nas actividades dos servizos, afectan ao 43,5% dos traballadores.

Tendo en conta, ademais dos convenios rexistrados en 2007, os rexistrados anteriormente pero con vixencia expresa neste último ano ou posterior, son 424 convenios (80 de sector e 344 de empresa) os que teñen vixencia expresa neste último ano. O número de traballadores afectados foi de 410.501 dos que 363.598 traballadores están afectados por convenios a nivel sector.

Atendendo ao ámbito territorial de aplicación, o 9,2% dos convenios con vixencia expresa para 2007 foron de ámbito superior ao da provincia. Pontevedra segue sendo a que acolle o maior número de convenios, con 166 (o 39,2%), que afectan a 169.849 traballadores (o 41,4%). Os 119 convenios de A Coruña (o 28,1%) afectaron a 170.816 traballadores (o 41,6%).

O incremento salarial medio pactado nos 250 convenios asinados ou revisados en 2007 –calculado en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenio e

Xornada media pactada na negociación colectiva 2006-07

2006					
Xornada media (1)	Sectores económicos				
	Agrario	Industria	Construcción	Servizos	
	(en horas/año)				
Total convenios	1.764,0	1.760,0	1.765,5	1.746,4	1.795,1
Convenios de empresa	1.742,2	1.760,0	1.741,9	1.746,0	1.742,5
Convenios de sector	1.765,5	-	1.768,8	1.746,4	1.800,0

2007					
Xornada media (1)	Sectores económicos				
	Agrario	Industria	Construcción	Servizos	
	(en horas/año)				
Total convenios	1.766,9	1.798,5	1.769,3	1.745,1	1.793,6
Convenios de empresa	1.740,5	1.798,5	1.753,1	1.720,0	1.708,8
Convenios de sector	1.768,2	-	1.771,8	1.745,2	1.796,9

(1) Só se tiveron en conta os convenios que se regulan de xeito anual
 Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, Informe sobre a negociación colectiva galega

2.1.22.

tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados nese ano- foi de 5,01% (3,88% no ano anterior), 0,91 puntos superior ao IPC galego que foi do 4,1%.

A xornada media efectiva por traballador en Galicia descendeu no último ano dende as 1.656,7 horas de 2006 ata as 1.640,8 horas de 2007. Esta cifra sitúa a Galicia como a quinta comunidade autónoma con maior xornada media efectiva por traballador tras Baleares, Canarias, Castela-A Mancha e a C. Valenciana (**cadro 2.1.21.**).

A xornada media pactada en 2007 -tense en conta só os convenios que a regulan de xeito anual- permanece practicamente constante en Galicia (2,9 horas/año máis que en 2006), acadando as 1.766,9 horas. Seguindo a tendencia de anos anteriores, a xornada en convenios de empresa é máis reducida que nos de sectores (1.740,5 horas e 1.768,2 horas, respectivamente). O sector agrario pactou unha xornada media de 1.798,5 horas, en tanto que no caso dos sectores non agrarios, a xornada media pactada máis elevada corresponde ao sector servizos, con 1.793,6 horas.

No concernente á regulación de emprego, o número de expedientes de regulación de emprego autorizados en Galicia no ano 2007 incrementouse nun 23,1%, acadando os 399 expedientes, sesenta e cinco máis que no ano precedente. Con esta medra, o número total de traballadores afectados ascendeu ata os 3.115 traballadores (93 persoas máis), dos que 2.375 (o 75,3%) sufriron unha suspensión do emprego e 779 traballadores (o 24,7%), unha rescisión do seu contrato.

● **Accidentes de traballo**

O número total de accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo rexistrado en Galicia no ano 2007 medrou un 6,8% en relación ao ano anterior, acadando os 51.852 accidentes. A provincia de A Coruña, cunha medra superior ao 8%, presenta o maior número de accidentes con baixa en xornada de traballo, con 21.556 accidentes (o 41,6%), seguida de Pontevedra, con 20.967 accidentes (o 40,4%). En termos relativos, Lugo foi a provincia que experimentou o incremento máis acusado do número de accidentes, cun 10,4%, seguido por Ourense, cun 9,7%.

A meirande parte dos accidentes laborais con baixa foron accidentes leves (50.942 accidentes), mentres que tan só un 1,8%, foron catalogados coma graves ou mortais. No último ano volve a incrementarse o número de accidentes leves, con 3.401 accidentes máis (6,7%), descendendo o número de accidentes graves ata os 834 accidentes, 115 accidentes menos que en 2006, e os mortais ata os 76 accidentes, 2 menos que no ano anterior. A pesar desta caída no número de accidentes mortais, cómpre salientar a medra

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

Expedientes de regulación de empleo nas CC.AA. 2006-07: expedientes autorizados e traballadores afectados

	Exped. autorizados		Traballadores afectados							
	2006	2007	Total		Medidas de extinción		Medidas de suspensión		Medidas de reducción	
			2006	2007	2006	2007	2006	2007	2006	2007
Andalucía	390	409	2.512	2.952	1.769	1.334	733	1.581	10	37
Aragón	123	127	1.581	2.090	1.375	1.033	202	1.039	4	18
Asturias	154	135	1.379	1.941	902	664	471	1.274	6	3
Baleares	68	67	604	387	404	208	198	179	2	-
Canarias	126	122	1.424	1.204	373	368	1.048	836	3	-
Cantabria	70	164	913	1.779	285	166	625	1.613	3	-
Castela-A Mancha	115	110	596	933	383	303	213	624	-	6
Castela e León	322	317	12.432	10.621	1.184	1.861	11.220	8.749	28	11
Cataluña	455	470	8.899	7.751	7.881	6.325	968	1.366	50	60
C. Valenciana	413	457	4.667	6.813	2.423	2.994	2.238	3.749	6	70
Extremadura	63	62	457	293	237	174	208	118	12	1
Galicia	324	399	3.062	3.155	1.080	779	1.967	2.375	15	1
Madrid	281	272	5.190	8.836	4.668	6.319	516	2.514	6	3
Murcia	125	119	818	617	428	295	381	322	9	-
Navarra	92	102	2.262	3.305	689	909	1.573	2.396	-	-
País Vasco	300	407	4.486	5.329	2.451	1.660	2.032	3.653	3	16
Ríoxa (A)	56	51	666	367	633	348	33	19	-	-
Ceuta e Melilla	4	4	4	28	4	2	-	26	-	-
Total	3.481	3.794	51.952	58.401	27.169	25.742	24.626	32.433	157	226

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

2.1.23.

Accidentes de trabajo con baixa en xornada de traballo 2006-07: distribución segundo a gravidade, provincias e sector económico

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2006	2007	'07/06	2006	2007	'07/06	2006	2007	'07/06	2006	2007	'07/06
	2006			2007			2006			2007		
	2006			2007			2006			2007		
	(%)			(%)								
A Coruña	19.488	21.239	9,0	371	291	-21,6	31	26	-16,1	19.890	21.556	8,4
Lugo	4.321	4.768	10,3	81	83	2,5	11	20	81,8	4.413	4.871	10,4
Ourense	3.982	4.371	9,8	71	79	11,3	9	8	-11,1	4.062	4.458	9,7
Pontevedra	19.750	20.564	4,1	426	381	-10,6	27	22	-18,5	20.203	20.967	3,8
Agricultura	1.382	1.456	5,4	106	58	-45,3	2	6	200,0	1.490	1.520	2,0
Pesca	1.661	1.461	-12,0	64	80	25,0	9	12	33,3	1.734	1.553	-10,4
Industria	15.907	17.426	9,5	254	222	-12,6	16	12	-25,0	16.177	17.660	9,2
Construción	12.555	13.035	3,8	285	258	-9,5	24	24	0,0	12.864	13.317	3,5
Servizos	16.036	17.564	9,5	240	216	-10,0	27	22	-18,5	16.303	17.802	9,2
Total	47.541	50.942	7,2	949	834	-12,1	78	76	-2,6	48.568	51.852	6,8

Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais

2.1.24.

experimentada na provincia de Lugo, que rexistrou un total de 20 accidentes mortais, nove máis que en 2006.

O sector servizos foi o que acolleu o maior número de accidentes laborais con 17.802 accidentes (o 34,3% dos accidentes en Galicia no último ano), seguido polo sector industrial, con 17.660 accidentes (o 34,1%) e a construción, con 13.317 accidentes (25,7%). Os subsectores agrícola e pesqueiro experimentaron, en conxunto, un total de 3.073 accidentes (1.553 na mar e 1.520 na agricultura), o que representa o 6% dos accidentes con baixa en xornada de traballo.

En relación ao ano anterior hai que destacar que todos os sectores, agás a pesca, rexistraron unha medra do número de accidentes en relación aos acontecidos no ano anterior. En termos relativos, a industria e os servizos presentan unha medra superior ao 9%, en tanto que o sector pesqueiro veu reducirse o número de accidentes nun 10,4%.

No concernte ao índice de incidencia da sinistralidade laboral, que relaciona os accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, este acadou en Galicia os 58 accidentes por cada mil traballadores afiliados, catro décimas por riba da media estatal. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, o **cadro 2.1.25.**

Índices de incidencia e frecuencia nas CC.AA. 2006-07

	Índice de incidencia (1)		Índice de frecuencia (2)	
	2006	2007	2006	2007
Andalucía	6.245,9	6.080,6	37,5	36,9
Aragón	5.173,9	5.232,0	31,3	32,0
Asturias	6.071,7	6.317,2	37,1	38,3
Baleares	7.875,7	7.677,3	47,9	46,1
Canarias	6.607,8	6.423,2	39,6	38,7
Cantabria	5.635,6	5.388,3	33,7	32,8
Castela-A Mancha	7.662,7	7.461,1	45,1	44,5
Castela e León	5.707,2	5.655,3	35,0	34,4
Cataluña	5.436,9	5.681,6	33,6	35,2
C. Valenciana	5.803,6	5.531,6	35,2	33,6
Extremadura	4.867,0	4.973,6	28,6	29,6
Galicia	5.732,8	5.803,3	33,5	34,3
A Coruña	5.603,4	5.735,5	-	-
Lugo	4.376,6	4.540,7	-	-
Ourense	4.988,8	5.186,8	-	-
Pontevedra	6.554,2	6.479,3	-	-
Madrid	5.400,1	5.066,2	33,1	31,2
Murcia	5.706,7	5.577,2	34,4	33,8
Navarra	5.661,0	5.592,8	35,2	35,2
País Vasco	6.417,9	5.653,5	40,9	36,6
Rioxa (A)	5.806,4	5.761,9	35,3	35,0
Total	5.880,1	5.760,3	35,3	34,8

(1) Índice de incidencia: accidentes x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

(2) Índice de frecuencia: accidentes x 1.000.000 horas traballadas

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

2.1.25.

Repercusión das folgas 2006-07: traballadores participantes e xornadas non traballadas

	2006		2007	
	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas	Traballadores participantes	Xornadas non traballadas
(en miles)				
Andalucía	23,6	40,4	163,5	225,7
Aragón	14,7	9,3	5,3	9,0
Asturias	3,3	9,6	21,7	103,0
Baleares	0,3	0,4	0,8	1,9
Canarias	0,9	11,1	1,7	4,5
Cantabria	3,2	8,5	0,8	20,0
Castela-A Mancha	1,2	7,9	2,2	9,7
Castela e León	7,0	14,3	6,2	9,6
Cataluña	233,1	335,1	59,0	104,9
C. Valenciana	9,0	32,6	37,2	56,9
Extremadura	0,3	0,3	0,4	1,2
Galicia	34,6	179,0	111,2	413,0
A Coruña	8,8	27,2	10,7	28,5
Lugo	0,8	2,7	0,9	1,6
Ourense	0,5	4,4	1,2	1,6
Pontevedra	24,5	144,7	98,4	381,3
Madrid	42,4	70,2	37,0	94,8
Murcia	0,4	0,8	0,8	1,8
Navarra	61,1	34,8	4,7	21,6
País Vasco	63,1	168,5	39,4	104,2
Rioxa (A)	0,9	2,2	0,6	0,8
Ceuta e Melilla	-	0,1	0,2	0,2
Total	499,1	925,1	492,7	1.182,8

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

2.1.26.

Actividade desenvolvida polos órganos autónomos de solución de conflitos colectivos
2007

	Número conflitos	Conciliación mediación	Arbitraje	Traballadores afectados	Empresas afectadas	Efectividade resolucións conflitos (%)
Andalucía	713	712	1	1.225.547	163.513	-
Aragón	141	141	-	28.962	124	-
Asturias	180	179	1	73.498	1.604	-
Baleares	42	42	-	6.592	n.d.	-
Canarias	197	197	-	28.323	n.d.	-
Cantabria	112	111	1	26.536	946	-
Castela e León	255	255	-	110.522	2.703	-
Castela-A Mancha	192	191	1	79.967	2.373	-
Cataluña	807	784	23	175.331	1.194	-
Estremadura	43	42	1	72.777	11.739	-
Galicia	56	41	15	43.820	5.492	-
Madrid	588	588	-	440.808	8.769	-
Murcia	71	71	-	47.445	6.180	-
Navarra	25	25	n.d.	n.d.	n.d.	-
País Vasco	351	342	9	81.146	n.d.	-
Rioxa, A	15	14	1	1.810	15	-
C. Valenciana	329	324	5	435.987	24.538	-
Total	4.117	4.059	58	2.879.071	229.190	-

Fonte: CES España, Memoria sobre la situación económica y laboral

2.1.27.

indica que Galicia se sitúa como a sexta comunidade co maior índice tras Baleares, Castela-A Mancha, Canarias, Asturias e Andalucía.

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

Atendendo á distribución provincial, Pontevedra mantense como a provincia co índice máis elevado, con 64,8 accidentes por 1.000 afiliacións, fronte aos 57,4 accidentes de A Coruña, e 51,9 e 45,4 accidentes por cada mil afiliacións en Ourense e Lugo, respectivamente.

A construción foi o sector de actividade con maior índice de incidencia, con 120,6 accidentes por cada mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, por diante da industria e a pesca, con 103,6 e 63,7 accidentes, respectivamente. Os índices máis baixos rexistráronse nos servizos e na agricultura, con 34,3 e 25,7 accidentes, respectivamente. En relación ao ano anterior, cómpre salientar os incrementos experimentados no caso da pesca (6,6%) e da industria (2,6%), así como a medra rexistrada na agricultura e nos servizos, cun 5% e 4,4%, respectivamente (1,6% no conxunto de Galicia).

2.2.

2.3.

3.1.

No caso dos accidentes mortais, Galicia rexistrou un total de 7,8 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, sendo este índice de incidencia de 5,1 accidentes no conxunto do Estado. No ano 2007, Cantabria, Castela-A Mancha e Aragón presentan un índice máis elevado que Galicia.

3.2.

3.3.

3.4.

As catro provincias galegas presentan un índice de incidencia superior á media estatal. Xunto ao incremento do número de accidentes mortais en Lugo, cómpre salientar novamente o seu elevado índice de incidencia, con 18,5 accidentes mortais por cada cen mil afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidente de traballo especificamente cuberta, seguido por Ourense, con 9,3 accidentes mortais. En A Coruña e Pontevedra o índice situouse nos 7,1 e 6,9 accidentes por cada cen mil persoas afiliadas.

3.5.

3.6.

O índice de frecuencia, que mide o número de accidentes por cada millón de horas traballadas, aumenta ao longo do ano 2007, situándose nos 34,3 accidentes. A diferenza do acontecido no caso do índice de incidencia, este se mantén por baixo da media estatal.

4.1.

4.2.

• Conflitividade laboral

En Galicia, o número de traballadores participantes en folgas situouse en torno ás 111.200 persoas (76.600 traballadores máis que no ano anterior), e o das xornadas non traballadas nas 413.000 xornadas (234.000 xornadas máis). A provincia de Pontevedra, por mor fundamentalmente dos problemas rexistrados nos sectores da construción e do metal, volveu a rexistrar no último ano un forte incremento do número de traballadores participantes nas folgas así como das xornadas non traballadas, aollendo o 88,5% dos traballadores participantes e o 92,3% das xornadas non traballadas en Galicia.

No que atinxe á actividade dos órganos xestores dos diferentes sistemas autonómicos de solución extraxudicial de conflitos laborais, o número de conflitos nos que se interveu en Galicia situouse en 2007 nos 56 (tres menos que no ano anterior), dos que corenta e un corresponderon ás conciliacións–mediacións e quince ás arbitraxes. No que atinxe á súa incidencia, estes conflitos referíronse a 43.820 traballadores (o 1,5% do total estatal), e a 5.492 empresas (o 2,4% das empresas afectadas en España).

O 82,9% das conciliacións–mediacións desenvolvidas en Galicia resolvéronse con acordo, sendo esta porcentaxe case corenta e cinco puntos por riba do rexistrado de media en España, o que sitúa a Galicia coma comunidade con maior efectividade na resolución dos conflitos. ■

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.